

A Coruña, 1 de marzo de 2018

Estimado/a Director/a:

Como ben sabes, desde a Consellería de Educación, a través da Rede de Formación, están a desenvolverse actividades dirixidas ás familias do alumnado con diversas temáticas e formatos. Entre elas vai levarse a cabo o curso "Atención a urxencias sanitarias para familias" con dous obxectivos básicos:

- Coñecer e dominar as técnicas de primeiros auxilios e atención a urxencias sanitarias definidas no protocolo da Consellería.
- Ser quen de actuar de xeito eficiente e seguro en caso de incidencias urxentes que afecten á saúde da Comunidade Educativa.

Para iso, e coa colaboración do 061, trataráanse os seguintes contidos.

- Primeiros auxilios e atención a urxencias sanitarias no ámbito educativo: protocolos de actuación.
- Rexistro, xestión e notificación de urxencias sanitarias no ámbito educativo.

Aínda temos que fixar as datas concretas, pero serán tres sesións de tres horas cada unha (de 17:30 a 20:30) probablemente durante as semanas do 9 ao 13 e do 16 ao 20 de abril. O lugar será determinado en función das solicitudes recibidas.

**A actividade é para nais e pais, non vai dirixida ao profesorado**, e non temos outro modo de contactar cós mesmos máis que a través de vós.

Agradeceríache que fixeras ese contacto con eles para que, as persoas que estean interesadas, envíen un correo no que indiquen o seu nome e apelidos, e datos de contacto (teléfono, correo electrónico) así como o nome do centro a: [cfrcoruna.linguisticosocial2@edu.xunta.es](mailto:cfrcoruna.linguisticosocial2@edu.xunta.es) , antes do vindeiro 15 de marzo. A inscrición no curso será por orde de chegada ata cubrir o número de prazas (30)

Moitas grazas pola túa colaboración.

Un cordial saúdo.



Asdo.: José Carlos Chas Brínquez

Director